

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG12I10Z	<i>Expediente</i> CON/66/2017	<i>Fecha</i> 08-06-18 11:10

Número 5 .- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa á adxudicación do contrato de "Reurbanización das rúas Patio de Madres e Castrón Douro - FASE I. Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do Programa Operativo de Crecemento Sostible, 2014-2020".

Destinatario

15078DCMG12I10ZM



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 08 de xuño de 2018 adoptou o seguinte acordo:

NÚMERO 5 .- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE MEDIO RURAL, MANTEMENTO E OBRAS PARA O EQUILIBRIO TERRITORIAL RELATIVA Á ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE "REURBANIZACIÓN DAS RÚAS PATIO DE MADRES E CASTRÓN DOURO - FASE I. FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO DE CRECEMENTO SOSTIBLE, 2014-2020".

Dáse conta á Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela da proposta, de data 31 de maio de 2018, do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial. Así mesmo, do informe favorable con observacións de Intervención, número 2018/313 de data 6.6.18.

A devandita proposta é do seguinte teor literal:

"**Rafael Peña Vidal**, concelleiro delegado de medio rural, mantemento e obras para o equilibrio territorial, e presidente da mesa de contratación da licitación "Reurbanización das rúas Patio de Madres e Castrón Douro - FASE I. Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do Programa Operativo de Crecemento Sostible, 2014-2020", consonte aos termos establecidos no artigo 326 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos das Administracións Públicas, en relación co art. 22 do RD 817/2009 de 8 de maio, e en virtude das competencias delegadas por decreto de Alcaldía do 28/06/2017,

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG12I10Z	<i>Expediente</i> CON/66/2017	<i>Fecha</i> 08-06-18 11:10

EXPÓN:

Primeiro: Con data 3 de maio de 2018, celébrase a mesa de contratación na que se acorda que a oferta máis vantaxosa das presentadas é a do licitador ALCOMTE GALICIA SL.

Segundo: Con data 31 de maio seguinte, celébrase a mesa de contratación na que se procede ao análise da documentación aportada polo licitador proposto, considerando os membros da mesma que queda suficientemente acreditado o cumprimento dos distintos requirimentos.

En consecuencia, e consonte ao acordado nas correspondentes reunións da mesa de contratación, esta concellería procede a realizar a seguinte:

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

Adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa ALCOMTE GALICIA SL (CIF: B15648223), por un importe de **935.158,73 euros** (IVE aparte 21%: 196.383,33 euros), ó ser a súa a oferta máis vantaxosa das presentadas.

Así mesmo, compromete a instalación de dúas illas de colectores soterrados.

Desígnase como técnico municipal director- responsable do contrato a D. Diego Briega Argomániz, arquitecto do servizo de Obras e Proxectos.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria **050 15321 61900 - 2017 2 EDUSI 9**, reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, á súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios:

Anualidade 2018: 418.818 euros.

Anualidade 2019: 712.724'06 euros.

O devandito importe está cofinanciado polo **Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do Programa Operativo de Crecemento Sostible, 2014-2020.**"

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG12/10Z	<i>Expediente</i> CON/66/2017	<i>Fecha</i> 08-06-18 11:10

Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros presentes:

Adxudicar o contrato de "Reurbanización das rúas Patio de Madres e Castrón Douro - FASE I. Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do Programa Operativo de Crecemento Sostible, 2014-2020", a favor da empresa ALCOMTE GALICIA SL (CIF: B15648223), por un importe de 935.158,73 euros, (IVE aparte 21%: 196.383,33 euros), ao ser a súa a oferta máis vantaxosa das presentadas.

Así mesmo, compromete a instalación de dúas illas de colectores soterrados.

Desígnase como técnico municipal director-responsable do contrato a D. Diego Briega Argomániz, arquitecto do servizo de Obras e Proxectos.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 050 15321 61900 - 2017 2 EDUSI 9, reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, á súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios:

Anualidade 2018: 418.818 euros.

Anualidade 2019: 712.724,06 euros.

O devandito importe está cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do Programa Operativo de Crecemento Sostible, 2014-2020.

O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO

Asdo: Xan Xesús Duro Fernández